

Non sei se debo falarvos das primeiras meditacións que alí fixen; pois son tan metafísicas e tan pouco comúns, que quizais non serán a gusto de todo o mundo. E, non obstante, encóntrome de algún modo obrigado a falar delas, a fin de que se poida xulgar se os fundamentos que teño adoptado son firmes dabondo. Tiña observado dende había tempo que, polo que fai aos costumes, ás veces é necesario seguir opinións que se saben moi incertas, como se elas fosen indubidábeis...; pero como entón desexaba dedicarme só a investigación da verdade, pensaba que era preciso que fixese todo o contrario, e que rexeitase como absolutamente falso todo aquilo no que puidese imaxinar a menor dúbida, a fin de ver se, despois diso, non quedaría algo na miña crenza que fose enteiramente indubidábel. Así, a causa de que os nosos sentidos nos enganaran algunha vez, quixen supoñer que non había ningunha cousa que fose tal e como eles nolas fan imaxinar. E, porque hai homes que se equivocan razoando, mesmo no tocante aos máis simples teoremas de xeometría, e fan paraloxismos, xulgando que eu estaba suxeito a erro tanto como calquera outro, rexeitei como falsas todas as razóns que tiña adoptado anteriormente como demostracións. E, en fin, considerando que os mesmos pensamentos que temos estando espertos, poden tamén ocorrérseos cando durmimos, sen que neste caso haxa ningún que sexa verdadeiro, resolvín finxir que todas cantas cousas me tiñan entrado no espírito non eran máis verdadeiras que as ilusións dos meus soños. Pero, xa logo, decateime de que mentres eu quería pensar deste xeito que todo era falso, era preciso que eu, que o pensaba, necesariamente fose algunha cousa. E observando que esta verdade: eu penso, logo eu son, era tan firme e tan segura que todas as máis extravagantes suposicións dos escépticos non eran capaces de perturbala, xulguei que podía recibila sen escrúpulos como o primeiro principio da filosofía que eu buscaba.

(René Descartes, Discurso do método. Parte IV)

Cuestións texto Discurso do Método, Parte IV. Meditacións Metafísicas. Meditación Segunda:

1. ¿Cal das catro regras do método aplica Descartes no arranque desta meditación metafísica? Xustifica a resposta.
2. Postos a dubidar de todo o posíbel: ¿De que dubida? ¿Cales son os grados da dúbida?
3. ¿Cal é a finalidade que Descartes pretende alcanzar mediante a dúbida? ¿Atopa Descartes algo do que non se poida dubidar? ¿Pódese considerar unha certeza? ¿Por que sabes que é unha certeza?
4. A verdade que encontra o filósofo moderno nesta meditación, ¿é froito dunha intuición ou é unha verdade resultado dunha dedución?
5. ¿Por que non se pode dubidar do feito de pensar? ¿Que esteamos pensando, garante que os meus pensamentos sexan certos?
6. ¿Que podemos afirmar, de momento, sobre a realidade (o que existe) partindo desta primeira verdade que encontra Descartes? ¿Que realidade resulta evidente? ¿Que regra do método deberá aplicar Descartes para atopar outras realidades existentes?